



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE

OUTUBRO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día quince de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de outubro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de outubro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

Faise constar que non se puido enviar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 1 de outubro, o cal se entregará para aprobalo na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistrado de entrada con data do día 8 de outubro de 2012 co número 14.045, no que comunica que o pasado 1 de agosto se asinou o convenio marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as Entidade Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de residuos de pilas e Acumuladores (RPA). O convenio permite que os concellos opten no momento da súa

adhesión por dous sistemas. Na primeira opción a entidade local seguirá coordinando e sufragando a recollida selectiva dos RPA portátiles do seu concello e recibe do SIX as cantidades previstas no convenio pola xestión asumida, mentres que se se realiza a adhesión baixo a opción B a entidade local non coordinará nin sufragará o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos RPA portátiles do seu concello, sendo o SIX o que se encarga da xestión destes residuos. O convenio marco prevé que a compensación a favor dos concellos teña efectos económicos retroactivos dende o 26 de setembro de 2008 sempre que a adhesión se faga antes do 1 de maio de 2013 e os xustificantes dos gastos se presenten antes do 1 de agosto de 2013. Invita ao concello a subscribir o convenio marco no prazo máis breve posible.

- Escrito da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, rexistrado de entrada con data do día 10 de outubro de 2012, co número 14.144, no que comunica que se concedeu unha subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para realizar actividades culturais, proxecto subvencionado "adquisición dun proxector multiusos". A subvención concedida é de 131,39 euros.

- Decreto 200/2012, do 4 de outubro, da Consellería do Medio Rural e do Mar, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 196, de 15 de outubro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que en relación co manifestado na anterior Xunta de Goberno Local, o señor alcalde asinará hoxe unha resolución para dar cumprimento ao Real decreto legislativo 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, dado que é o órgano competente.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre informa ao señor Marante que autorizou á enxeñeira de obras públicas para asistir a un curso.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tamén informa que hoxe recibiu a conta xeral, dela se deriva que mellorou o nivel de solvencia nun 25% respecto do ano 2010. Engade que os informes de reparo descenderon nun 40%.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que, efectivamente, hoxe recibiu a conta xeral, da que dará conta unha vez lea o documento. Elaborouse cun mes de antelación respecto do ano pasado. Remata dicindo que se convocou a Comisión Especial de Contas para o vindeiro día 29 de outubro e que se presentará para o pleno do mes de novembro.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se presentou unha proposta para desenvolver o SAUBD8, onde están Os Castros do Bosque, e engade que en principio, o informe é favorable.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada se repuxo todo o cable roubado nas distintas zonas do municipio.

Tamén, a pasada semana se cumpriu cos avisos de rozas que tiña dos colexios.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que a vindeira semana comezarán cos rebacheos.

Informa que deu orde para que se elaboren os pregos para contratar a limpeza dos edificios municipais e o mantemento da iluminación pública.

Para finalizar, don Manuel Marante Gómez informa que ten tres orzamentos para amañar a fonte da praza Enrique Piñeiro. Un é para encher de pedra, outra para axardinar e outro para poñer tramex. Engade que a opción de axardinar é a máis económica, supón un gasto de 1.366 euros. El opina que esta última opción sería a mellor. Os demais membros da Xunta de Goberno Local están de acordo.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 21 terá lugar a exposición de cogomelos e o venres día 19 de outubro, ás 19 horas, se celebra a xornada de Galicreques organizada polo Consorcio, será no centro sociocultural da Barcala e para o público familiar.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que este mes están coa celebración do día da saúde mental. Engade que o xoves houbo un acto en APEM, en Cambre, aínda que feito polo Consorcio. Invitaron ao concello por ser en Cambre e por ter a limpeza viaria cunha empresa de emprego social, con APEM.

A continuación, informa que o vindeiro xoves, ás 6.30 horas da tarde, en Abegondo, se xoga o partido de veteranos do Deportivo e xogan con persoas pertencentes a asociacións con diversidade funcional.

Tamén informa que mañá martes se asinará o convenio con APEM, para contribuír a que continúen a empregar a persoas con algún tipo de discapacidade. Agora teñen empregadas a catro persoas de Cambre.

Para rematar a súa intervención, dona Maria Jesús González Roel informa que dende o Fondo Galego de Cooperación representarán a obra de teatro “A tropa de trapo” no colexio Wenceslao Fernández Flórez.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o vindeiro día 21 de outubro terá lugar no polideportivo “Sofía Toro Prieto-Puga” un encontro de mestres internacionais de capoeira.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente


Manuel Rivas Caridad

A secretaria


María Luisa de la Red Ampudia